XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3
-2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 827
Fax: 981 544 802

galicia

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ANTEPROXECTO DE LEI DE MUSEOS E OUTROS CENTROS MUSEÍSTICOS DE GALICIA.

1. ANTECEDENTES NORMATIVOS

1.1. Marco normativo competencial

De acordo co artigo 149.1.28º da Constitución Española, o Estado ten competencia exclusiva en materia de museos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión por parte das Comunidades Autónomas.

Pola súa banda, o artigo 148.1.15º e 17º da Carta Magna, prevé que as Comunidades Autónomas poida asumir competencias en materia de museos do seu interese e en materia de fomento da cultura.

Consonte a regulación constitucional, o Estatuto de Autonomía de Galicia, logo de regular no seu artigo 4.2 que *os poderes públicos de Galicia facilitarán a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social,* establece no seu artigo 32 que lle corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Así mesmo, o seu artigo 27 establece o seguinte:

No marco do presente Estatuto, correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

18.(...) museos de interese para a Comunidade Autónoma, e que non sexan de titularidade estatal.

Esta regulación atribúelle á nosa Comunidade Autónoma unha competencia exclusiva para determinar o réxime xurídico aplicable aos museos da súa competencia, sen prexuízo do que prevé o artigo 149 da Constitución Española, así como na normativa estatal que lle resulte de aplicación aos museos que, sendo de titularidade estatal,

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3
-2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 827
Fax: 981 544 802

están a ser xestionados pola Comunidade Autónoma. En tales supostos, ademais do que prevé esa normativa estatal, teranse en conta os convenios asinados entre a Comunidade Autónoma e o Estado con motivo da transferencias levadas a cabo.

1.2. A lexislación autonómica galega sobre museos. A inexistencia dunha lei específica

Ata o ano 1995, a única normativa que existía en Galicia en materia de museos era o Decreto 314/1986, do 16 de outubro, de regulación do sistema público de museos da Comunidade Autónoma.

Foi nese ano, 1995, cando se publica a Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia, cuxo Título V introduciu a primeira regulación de nivel legal do ámbito museístico. Esa regulación, de apenas oito artigos, definiu as trabes esenciais do sistema galego de museos, introducindo unha regulación da definición, funcións e réxime xurídico dos museos e as coleccións visitables. A Lei non tivo o necesario desenvolvemento regulamentario e permaneceu en vigor, aínda que case de forma "inane", o Decreto 314/1986, de 16 de outubro.

Pronto se evidenciou a insuficiencia destas previsións legais para facer fronte a unha realidade tan cambiante como a museística que enseguida superou a tradicional concepción asociada á documentación, conservación e exposición do patrimonio cultural galego nos seus máis diversos aspectos e manifestacións.

A Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia foi derrogada pola nova Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Este novo texto legal dedica o seu Título VIII aos museos, define e establece as súas funcións, define igualmente as coleccións visitables e prevé unha rede, así como un sistema galego de museos. Senta as liñas xerais da creación e organización destes centros e establece unhas previsións básicas relativas ao acceso e ás reproducións dos obxectos que se custodian en museos de titularidade ou xestión autonómica. En todo caso, tales previsións resultan igualmente insuficientes para dar resposta a todas aquelas cuestións que se suscitan con motivo da xestión deste tipo de recursos, así como para

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3
-2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 827
Fax: 981 544 802

satisfacer as demandas dunha sociedade que mira cara estas institucións con outros ollos e requiríndolle a atención de novas necesidades.

Para tales efectos, precísase dunha lei específica na que se poida acometer unha regulación das diversas realidades susceptibles de encadrarse no concepto máis amplo de centros museísticos, no que se aglutinarían non só os museos e as coleccións, senón tamén os centros de interpretación do patrimonio cultural.

2. RAZÓNS DE OPORTUNIDADE DO ANTEPROXECTO DE LEI

De todo o antedito dedúcese a necesidade de dispoñer dunha lei propia e singular para os museos e demais centros museísticos no ámbito de Galicia.

2.1. A relevancia constitucional da función dos museos

Unha das primeiras razóns que xustifica o impulso dunha lei galega de museos e outros centros museísticos é a concepción destes como servizos públicos da máxima relevancia nunha sociedade moderna e democrática.

A mesma Constitución Española recoñece como un dos seus principios reitores da política social e económica, no artigo 44, o dereito de todas as persoas ao acceso á cultura.

Por outro lado, erixe como un dereito fundamental o dereito á produción e creación literaria, artística, científica e técnica, no artigo 20.

O antedito recoñecemento compleméntase cunha serie de obrigas que a Constitución lle impón aos poderes públicos co obxectivo de facilitar o exercicio deste dereito. Así, xa o artigo 9 lles impón a obriga de promover as condicións para facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social; o artigo 44 obrígaos a promover e tutelar o acceso á cultura e, finalmente, o artigo 46 obrígaos a garantir a conservación e a promover o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade.

Xa que logo, os centros museísticos son un instrumento para asegurar a conservación, a investigación e a difusión dun patrimonio cultural, fundamentalmente moble, pero

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3
-2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 827
Fax: 981 544 802

non exclusivamente, reflexo da historia e dos modos de vida dun pobo nas súas máis diversas expresións. Tamén contribúen ao cumprimento práctico dos recoñecementos que en materia de cultura establece a Constitución de 1978 e, en tal senso, este anteproxecto de lei expresa o compromiso dos poderes públicos galegos co cumprimento dos mandados constitucionais e coa consecución dun sistema de centros museísticos específico para a nosa Comunidade Autónoma.

2.2 O panorama actual dos centros museísticos en Galicia

A situación descrita no punto 1.2 en relación ao marco normativo autonómico nesta materia, rebela a urxencia de acometer unha regulación específica e global, dado que as previsións legais existentes resultan insuficientes para afrontar unha realidade como a museística, que vai hoxe moito máis aló da mera conservación e exposición do patrimonio cultural galego nas súas diversas manifestacións.

Noutra orde de cousas, superada hai tempo esta concepción tradicional de institucións de depósito e exhibición pasiva do patrimonio cultural, o seu papel social é cada vez máis o de servizo público de estudo, participación e interacción culturais, nas súas diversas formas de expresión.

Polo tanto, non estamos a falar tan só dun insuficiente marco normativo que non proporciona todas as respostas necesarias, senón tamén, dunha nova concepción dos museos en canto ao papel e ás funcións que desenvolven hoxe en día. Ambos factores resultan determinantes para xustificar o impulso dunha lei con protagonismo propio, á marxe da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que aborde con decisión todas as cuestións pendentes neste ámbito.

Respecto do papel que asumen en pleno século XXI os museos, debemos ter en conta o seguinte:

2.2.1. Dimensión social: Cada vez son máis as voces que consideran o papel social dos museos en canto vertebradores dunha sociedade cada vez máis plural e diversa, con profundas desigualdades, de aí que os museos se consideren un factor de integración e cohesión social que debe ter unha especial consideración cos colectivos máis desfavorecidos e con maiores dificultades de integración na sociedade. Neste senso, é

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3
-2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 827
Fax: 981 544 802

preciso ter en conta esta dimensión na regulación que se leve a cabo e facer accesibles os museos a todas as persoas.

2.2.2. Dimensión científica: Máis aló da labor de conservación, recuperación ou exhibición que realizan os museos respecto dos fondos que custodian, sen dúbida adquire un protagonismo especial o traballo que se desenvolve neles, ben sexa a través dos seus propios traballadores, ben sexa por medio de investigadores externos que, en todo caso, contribúen a un maior entendemento das coleccións, así como a unha mellor comprensión do noso pasado histórico e da nosa presente realidade. É por isto que, dende o punto de vista legal, cómpre facilitar e potenciar esta dimensión investigadora nos centros dos que estamos a falar.

2.2.3 Dimensión pedagóxica: Resulta innegable, así mesmo, a concepción dos museos como axentes de transmisión e difusión do coñecemento que teñen, por si mesmos, unha función educativa dentro da sociedade, sen prexuízo do desenvolvemento de accións educativas concretas en colaboración coa propia administración educativa ou outras institucións desta natureza.

2.2.4 Dimensión económica: A suma de todas as dimensións que quedan expostas permite concluír que os museos se erixen en importantes activos dentro da nosa economía pola súa capacidade e potencial no plano turístico e porque se converten en fontes xeradoras de ingresos na súa área territorial de influencia. En definitiva, contribúen a xerar riqueza no seu contorno.

A ausencia dunha regulación específica no ámbito museístico dentro da nosa Comunidade Autónoma está a impedir que os museos e demais centros museísticos despreguen todo o seu potencial e poñan ao servizo da cidadanía de forma axeitada todas e cada unha das funcións que lle son propias o que, sen dúbida, representa un obstáculo no cumprimento das obrigas constitucionais que os poderes públicos deben asumir de cara a facer efectivo, entre outros, o dereito de acceso á cultura de todas as persoas de Galicia, e máis nun momento no que é crecente a demanda cultural e social que se advirte na actualidade.

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3
-2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 827
Fax: 981 544 802

A maior abundamento, debe terse en conta o numeroso e variado patrimonio, moble e inmoble, vinculado ou vinculable aos museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural, tanto o que se custodia e se conserva neles como o que está relacionado con estes centros como patrimonio do seu contorno xeográfico e natural e do seu contexto histórico ou etno-antropolóxico.

Xa que logo, cómpre insistir na necesidade de contar cun marco legal que regule as distintas institucións museísticas que forman parte do noso patrimonio cultural.

2.3. A necesidade da existencia e regulación dun sistema galego de centros museísticos

Ademais da eficacia dos dereitos constitucionais, este anteproxecto de lei procura garantir e promover a coherencia, a calidade e mesmo o número dos centros museísticos de Galicia nas súas diversas figuras, co afán de mellorar tanto a conservación, documentación e transmisión do seu patrimonio cultural, como para convertelos en verdadeiros servizos de cultura ao alcance de toda a sociedade, tanto galega como foránea.

Do mesmo xeito, o anteproxecto de lei nace coa pretensión de potenciar e visibilizar as dimensións social, científica, pedagóxica e económica dos centros que regula.

Por outra banda, os fondos patrimoniais e a información que por si mesmos xeran, teñen tal importancia que se fai necesario regular a súa organización, as técnicas básicas para o seu funcionamento espacial e técnico correcto e tamén as súas vías de coordinación e colaboración, necesidades estas que, como demostra a lexislación comparada, se pode facer atinadamente por medio da creación e desenvolvemento dun sistema de centros museísticos no que se integren os diferentes centros, tanto os de titularidade pública, como os de titularidade privada que así o desexen conforme o establecido na propia lei.

A finalidade deste sistema é garantir e testemuñar os dereitos e os deberes da propia Administración e dos cidadáns con respecto ao patrimonio cultural vinculado aos centros, establecendo un marco de xestión onde a transparencia e a responsabilidade

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3
-2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 827
Fax: 981 544 802

democráticas e a calidade na prestación destes servizos de transmisión patrimonial e cultural constitúen unha inescusable obriga.

O Sistema Galego de Centros Museísticos nace como unha estrutura organizativa e funcional de integración, tanto de centros, como de redes museísticas cunha finalidade de procurar a coordinación eficiente da súa xestión cultural e científica.

2.4. A mellora da estrutura, funcionamento e xestión dos centros museísticos e dos seus fondos

A maiores do citado con anterioridade, a lei adopta as previsións básicas para dotar de uniformidade e coherencia a estrutura, o funcionamento e a xestión dos centros museísticos.

De igual modo, regúlanse aspectos que teñen que ver coa xestión documental, tratamento técnico e movemento de fondos museísticos, achegando un marco legal que pon fin ao baleiro e consecuente inseguridade xurídica existente neste apartado. Neste senso, cómpre salientar que o correcto tratamento técnico-administrativo, é dicir, unha coherente elaboración da ampla base documental que se esixe nos fondos patrimoniais é o que posibilita marcar a diferenza entre os centros museísticos propiamente ditos fronte a outros centros que, nin no ámbito internacional, nin no estatal, acadan esa consideración.

De aí que se pormenoricen no Título IV toda unha serie de aspectos que inciden directamente no funcionamento e na xestión adecuada, legal e técnica, dos centros pero, ademais, que tamén inciden de xeito notorio no atinado tratamento que debe recibir o patrimonio custodiado neles.

A Lei fai fincapé na regulación da estrutura organizativa específica dos museos, onde esixe, ademais dunha dirección, tres áreas ben diferenciadas:

- Documentación, conservación e investigación.
- Difusión e comunicación.
- Administración.

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3
-2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 827
Fax: 981 544 802

A existencia destas tres áreas é seguramente o aspecto máis determinante para marcar a diferencia entre o que é un museo e o que é unha colección museográfica ou un centro de interpretación do patrimonio cultural.

Elabórase esta lei baixo a idea de que unha das tarefas máis importantes que deben desenvolverse con posterioridade é a relativa á utilización das novas tecnoloxías, pois tamén neste campo son de aplicación certos criterios de xestión electrónica, unha realidade xa ineludible para calquera servizo da Administración Pública.

Conxúgase convenientemente a longa tradición da documentación museística coa introdución de aplicacións informáticas ad hoc e, particularmente, no caso dos museos de xestión autonómica, co uso do programa estatal DOMUS, asumido por unha boa parte de todas as Comunidades Autónomas para os seus museos e mesmo para as coleccións museográficas.

Tamén convén lembrar que o anteproxecto respecta a liña da Recomendación da Comisión Europea de 24 de agosto de 2006 sobre dixitalización e accesibilidade en liña do material cultural e a conservación dixital (2006/585/CE), que contempla os dereitos dos cidadáns a seren usuarios dos sistemas electrónicos. Os museos non son alleos nin quedaron fóra deste reto á hora de facilitar o acceso á documentación, á información e mesmo ao "deleite a distancia" dos seus bens.

Con este anteproxecto de lei que se propón e co desenvolvemento normativo que proceda, os centros museísticos poderán facilitar o acceso da cidadanía, galega ou non, á información e ao coñecemento (en calquera caso salvando sempre os dereitos que aos titulares dos bens lles poidan corresponder en casos concretos, por exemplo, segundo as condicións de depósito que se sinalen) mediante estas tres accións principais:

- Preservación dalgúns dos fondos máis sensibles das súas coleccións, que garanta a súa supervivencia para futuras xeracións e evite a súa posible deterioración ou incluso perda irreversible.

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3
-2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 827
Fax: 981 544 802

- Accesibilidade á rede, como condición previa para maximizar os beneficios que toda a cidadanía (investigadores e público en xeral) poden obter dos valores do patrimonio cultural dos museos e da asunción da información que proporcionan.

- Dixitalización das coleccións, coa pertinente documentación asociada, para o seu uso igualmente xeneralizado na sociedade.

2.5. Unha política específica de fomento e difusión do patrimonio museístico galego.

O anteproxecto define dun xeito concreto pero ao mesmo tempo amplo os museos, as coleccións museográficas e os centros de interpretación, co seu patrimonio moble asociado. E isto é así polo criterio global co que se debe acometer o tema patrimonial a eles vinculado. Trátase de fomentar a creación e o bo funcionamento destes centros dunha maneira responsable, é dicir coas condicións de conservación, seguridade, estabilidade e de transcendencia social que son esixibles no século XXI.

Cómpre desenvolver, pois, unha política na que primen criterios como o interese para Galicia, os valores de identidade histórica e antropolóxica, os valores sociais e de uso, e desde logo os valores de identidade comunitaria que ten o patrimonio cultural albergado nos museos e coleccións, con independencia da súa antigüidade, do seu valor simplemente estético e, por suposto, da súa titularidade pública ou privada pois así o establece o propia texto constitucional.

Contémplase así o desenvolvemento de medidas específicas destinadas a mellorar as funcións de recuperación, conservación e documentación nos museos, pero tendo como finalidade última a de transmitilo a toda a sociedade, facilitando o seu acceso ao patrimonio e á información que ofrecen estes centros. Por iso a Lei céntranse nas condicións de acceso e consulta da documentación dos fondos museísticos, nos labores imprescindibles da difusión e comunicación e nas formas de acceso e utilización dos centros aos que refire este anteproxecto.

Trátase de ratificar legalmente a importancia da proxección social que ten a acción cultural dos museos, realizada a través das estruturas e dos obxectos de carácter patrimonial, para chegar á comunidade á que aqueles deben a súa razón de ser e de actuar.

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3
-2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 827
Fax: 981 544 802

3. ESTRUTURA E CONTIDO

O proxecto de lei que se propón estrutúrase en seis Títulos, nos que se aglutinan un total de 55 artigos, catro disposicións adicionais, dúas transitorias, unha derrogatoria e tres disposicións finais.

O Título I, sobre Disposicións xerais, trata do obxecto e o ámbito de aplicación da lei, así como da definición, funcións e deberes de todos e cada un dos centros que se regulan neste texto legal: museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural.

O Título II, que trata do Sistema Galego de Centros Museísticos, define e estrutura este. Ademais regula os órganos administrativos de dirección e de coordinación, así como o Consello de Centros Museísticos de Galicia, como órgano colexiado de carácter consultivo en materia museística na Comunidade Autónoma de Galicia.

Regúlase tamén neste Título II o réxime de cualificación e creación dos distintos tipos de centros e finalmente dedícase o capítulo III á delimitar as redes de centros museísticos, cuxo obxecto é o de operar como subsistemas operativos dentro do Sistema Galego de Centros Museísticos, cuxo fin é a cooperación e aproveitamento transversal dos medios dos que dispoñen os centros que formen parte dunha rede.

No Título III éntrase a regular a estrutura e funcionamento dos centros museísticos e faise especial fincapé en aspectos que teñen que ver cos recursos humanos dos centros públicos de titularidade ou xestión da Comunidade Autónoma.

A xestión dos fondos patrimoniais abórdase no Título IV, que trata da constitución, incremento, situacións, movementos, saídas e restauración de bens integrantes das coleccións museísticas, incluída a baixa dos bens nestas cando iso proceda.

Corresponden tamén a este Título IV as cuestións referidas á xestión documental e tratamento técnico dos fondos, así como o acceso e a consulta destes.

Finalmente, este Título IV regula o relativo aos temas da investigación, a difusión e a comunicación no ámbito dos museos, incluíndose neste Título así mesmo a regulación das imaxes, reproducións e copias, un aspecto cada vez máis inherente á función

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3
-2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 827
Fax: 981 544 802

divulgativa, e incluso de certa proxección social e económica, de todo tipo de centros museísticos.

O Título V dedícase a regular distintas medidas de dinamización, dende a concesión de subvencións e axudas públicas, medidas de cooperación e colaboración, fomento da actividade científica e cultural e outros aspectos que involucran a iniciativa privada, no ámbito do patrocinio, o movemento asociativo ou a promoción de iniciativas que, sendo privadas, permitan ofrecer á cidadanía servizos culturais de interese xeral e de calidade relacionados co ámbito temático do centro no que se van levar a cabo.

E por último, o título VI regula o réxime sancionador no ámbito museístico; tipifícanse os distintos tipos de infraccións, leves, graves e moi graves, delimítanse as sancións e regúlanse distintos aspectos do procedemento para a imposición das sancións previamente descritas.

4. PROPOSTA

En coherencia con todo canto queda exposto resulta, non só oportuno, senón moi necesario, que se impulse a tramitación dunha Lei que regule as institucións museísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, enchendo deste xeito un baleiro legal ao que convén poñerlle fin, non só por motivos de seguridade xurídica, senón tamén para que os nosos museos e demais centros museísticos reciban ese pulo definitivo que os visibilice como activos culturais, educativos, científicos, sociais e tamén económicos polo relevante papel que asumen no eido turístico.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019

O director xeral de Políticas Culturais

Anxo M. Lorenzo Suárez

XUNTA DE GALICIA - CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO - DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICAS CULTURAIS